

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

CONVOCATORIA DE ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (D.O.G. do 18 de setembro de 2024), pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións dos membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a **Xunta Electoral** deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a **convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, sector do alumnado**.

As normas reguladoras do procedemento son as establecidas no Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG, 20/4/88) nos artigos 43, 44, 45 e 46.

Tendo en conta os artigos referidos:

- 1.- Tódolos alumnos e alumnas de Grao Profesional matriculados no centro son electores e todos poderán ser elexidos membros do consello escolar, coas atribucións que lles correspondan.*
- 2.- A mesa electoral estará integrada pola directora do centro, que actuará como presidenta, e dous alumnos designados por sorteo, actuando como secretario o alumno de menor idade.*
- 3.- A Xunta Electoral deberá preve-lo nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.*
- 4.- O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector fará constar na su papeleta un nome da lista de candidatos.*
- 5.- Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos que sexan propostos por cada unha das asociacións existentes no centro ou avalados pola sinatura de 10 electores.*
- 6.- As votacións celebraranse neste conservatorio o día 20 de novembro de 17:00 a 20:00 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día en acto público ás 17:00 horas.*

A Coruña, 29 de outubro de 2024

